

MEMORIA XUSTIFICATIVA

CONVENIO ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE) E A FUNDACIÓN CLÚSTER DE EMPRESAS DE AUTOMOCIÓN DE GALICIA (CEAGA) PARA A POSTA EN MARCHA DUNHA OFICINA TÉCNICA XESTORA DOS PROXECTOS INTEGRADOS DE AUTOMOCION AUTOÁNCORA

O director da Área de Competitividade do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE)

DECLARA:

Que este Instituto ten previsto formalizar con a Fundación Cluster de empresas de Automoción de Galicia (CEAGA) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 30 de setembro de 2022.

Serán atendibles os gastos derivados das actividades obxecto do convenio realizados a partir da súa sinatura e ata o 30 de xullo de 2022.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A selección e contratación dunha oficina técnica para a detección de convocatorias e iniciativas Next Generation EU, a detección de proxectos e a súa posta en marcha e seguimento dentro da industria de automoción galega, en relación ao proxecto integrado AUTOANCORA concebido polo sector de automoción galego.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundamentase no seguinte:

A posta en marcha pola Unión Europea dos Fondos de Recuperación e resiliencia, Next Generation EU (NGEU), anima aos estados e ás rexións europeas a posicionarse e xerar os mellores proxectos estratéxicos para a súa contorna empresarial e, neste sentido, o sector de automoción galego ven traballando nun gran proxecto integrado e integrador do sector cara a asegurar o seu presente e o futuro da industria da automoción e a mobilidade en Galicia.

O IGAPE ten como obxectivo contribuír activamente ao fortalecemento do tecido industrial galego, apoiando todas as actividades que contribúan a mellorar o sistema produtivo baixo a prisma da Axenda de Competitividade Galicia Industria 4.0, facilitando os procesos de creación, consolidación e crecemento empresarial, para o que promoverá as actuacións coordinadas en colaboración coas entidades representativas do tecido empresarial en territorios onde conflúen sectores estratéxicos e especial necesidade de impulso que contribúa ao reequilibrio territorial.

Neste sentido, o papel do IGAPE na mellora da competitividade e produtividade das empresas, ten varios eixos de actuación, dentro da Axenda de Competitividade Galicia Industria 4.0, para promover a Industria 4.0. especialmente nos sectores estratéxicos como o da Automoción galega.

A importancia do Sector de Automoción en Galicia é evidente, posto que representa o 14% do emprego directo industrial de Galicia -mais de 24.400 empregados-, sin contar os empregos indirectos. En termos de cifra de negocio tamén é un sector clave, dado que en 2019 facturou 9.700 millóns de euros, casi o 15,4% del PIB galego. Outro dato que reforza o impacto do sector é a capacidade de exportación,

destinando 6.250 millones de euros ao mercado exterior, o 28% do total de exportacions de Galicia. Por último outro elemento fundamental atópase na súa cadea de valor, unha das mais completas de Europa

A incerteza do contexto actual ten enfeblecida a cadea de valor do Sector de Automoción de Galicia que se enfrenta ás consecuencias dunha crise sanitaria e económica a nivel global e ao aumento das esixencias medioambientais. A industria galega de automoción ten a necesidade de sobrevivir, mantendo o emprego, e saíndo reforzada deste novo escenario co gallo de transformarse cara a unha cadea de valor dixital, verde e resiliente, cun liderazgo áxil, quen de adaptarse rápido aos cambios rupturistas.

Conscientes do momento actual, CEAGA, o grupo PSA e CTAG deseñaron conxuntamente o Programa AutoAncora – Programa do Sector de Automoción de Galicia, documento estratéxico para articular as apostas do sector da automoción acorde aos Fondos do Next Generation EU. O reto do programa é transformar o tecido empresarial da automoción mediante unha transición tecnolóxica, dixital e ecolóxica baseada na innovación e o desenvolvemento de procesos de fabricación e produtos limpos, intelixentes e sostibles e xeradores de emprego de calidade, servindo de mecanismo de ancoraxe duradeira nos seus territorios. Definíronse 7 grandes actuacións detrás das cales está o interese de case 200 compañías con proxectos e plans concretos:

- Impulsar a execución de investimentos das empresas para aumentar a súa competitividade e promover a súa transformación dixital e ecolóxica*
- Optimización dos fluxos loxísticos (loxística inbound, outbound e interna) grazas á integración e sincronización dos diferentes elos da cadea de valor e o impulso á dixitalización.*
- Contribuír ao impulso da economía limpa e de cero emisións.*
- Capacitación dos profesionais do Sector de Automoción de Galicia nas habilidades dixitais e tecnolóxicas para obter un capital humano altamente cualificado nunha contorna resiliente e hipercompetitivo.*
- Impulsar iniciativas para aumentar a competitividade e excelencia operacional das empresas do Sector de Automoción de Galicia a través da innovación nos procesos de fabricación.*
- Captación, impulso e desenvolvemento de iniciativas de alto impacto en I+D+i relacionadas co vehículo do futuro (conectado, autónomo, ecoeficiente, etc.).*
- Laboratorio de integración de tecnoloxías de propulsión limpa (hidróxeno verde, eléctricos, combustibles alternativos, etc) nos vehículos*

Tendo en conta estas consideracións, o IGAPE e CEAGA comparten o interese no posicionamento do proxecto AUTOANCORA, como proxecto de arrastre do sector no seu conxunto e polo tanto, concordan na necesidade de apoiarse nunha oficina técnica que desenvolva unha labor de captación de empresas e formulación de solicitudes nos diferentes programas europeos, estatais e rexionais de cara a maximizar as posibilidades de éxito do proxecto integrado, aproveitando ao máximo os diferentes instrumentos e recursos que as administracións vaian dispoñendo.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

O director da Área de Competitividade